

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAI E A ASOCIACIÓN CULTURAL COLECTIVO RPM PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA PARA A DANZA E AS ARTES VIVAS "RESIDENCIAS PARAÍSO" EN 2021

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa Asociación Cultural Colectivo RPM o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a sinatura do convenio ata o 30 de decembro de 2021.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

O financiamento por parte da Agadic do desenvolvemento do programa para a danza e as artes vivas "Residencias Paraíso" en 2021, un programa de impulso da danza e a creación contemporánea en Galicia dirixido a artistas galegos e do resto do territorio nacional que precisen recollese de forma intensiva arredor dun proxecto de investigación ou creación durante dúas ou tres semanas nun dos espazos que forman parte da rede: Teatro Rosalía Castro, Vello Cárcere de Lugo, Igrexa da Madalena, Centro Torrente Ballester, Pazo de Cultura de Carballo, Pazo da Cultura de Narón, Normal Universidade da Coruña, Salón Teatro e Cidade da Cultura.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic, atendendo aos seus obxectivos de garantir a visibilidade dos proxectos culturais propios das súas liñas de actuación, potenciando o seu desenvolvemento e favorecendo a creación e a produción artística con medidas de acción positivas, considera esencial o establecemento de accións conxuntas coa Asociación que permitan a súa participación no desenvolvemento do programa Residencias Paraíso co propósito de normalizar o concepto de residencia artística, de atender e respectar o espazo e o tempo dedicados á investigación artística, verdadeiro xerme das obras artísticas.

Residencias Paraíso pretende fomentar a aparición de novos proxectos de investigación e creación arredor das novas linguaxes contemporáneas, alimentando o campo de acción da comunidade artística do noso territorio. Pero o maior valor de Residencias Paraíso é que sucede grazas á colaboración de espazos de distinta natureza, dende teatros ou centros culturais a espazos non convencionais. Unha diversidade de tipoloxías que favorece a acollida das diversas fases dun proxecto artístico, dende a investigación, a escrita, o traballo dramaturxico ou a creación coreográfica ata residencias de carácter técnico. Esta suma de forzas e de diálogo entre



todas as partes, impulsores, coprodutores e espazos cómplices, é o que dota dunha identidade singular a este proxecto.

Todo este esforzo no fomento dun sector como o da danza e as artes vivas que leva a cabo a Asociación Cultural Colectivo Paraíso coinciden coa liña de difusión e promoción deste ámbito que a Agadic leva a cabo, de aí que considere fundamental o apoio a este tipo de iniciativas.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria en Santiago de Compostela.

